

A. CUESTIÓN TEXTOS MARX-ENGELS A IDEOLOXÍA ALEMÁ. (TEXTO PAU 2):

1. ¿En que frases do texto quedaría reflectida a visión idealista da historia da humanidade (Hegel)?, ¿por que se lle da o nome de *idealista*?, ¿en que consiste esa interpretación idealista da historia?, ¿en que aspectos pon o foco?, ¿a que se refiren Marx e Engels cando falan de *ceo* e *consciencia*?, ¿que teñen que ver estes conceptos coa concepción idealista da historia?
2. ¿En que frases do texto quedaría reflectida a visión materialista da historia da humanidade (Marx)?, ¿por que se lle da o nome de *materialista*?, ¿en que consiste esa interpretación materialista da historia?, ¿en que aspectos pon o foco?, ¿a que se refiren Marx e Engels cando falan de *terra* e *vida*?, ¿que teñen que ver estes conceptos coa concepción materialista da historia?
3. Segundo o materialismo histórico marxista, ¿as ideas dunha sociedade (moral, relixión filosofía) son independentes?, ¿ou dependen de outras estruturas dunha formación social?, ¿de cales?, ¿en que frases do texto aparecen recollidas as respostas a estas cuestións?

B. RECURSOS DIDÁCTICOS TEXTO PAU 2:

1. Mapa Conceptual Materialismo vs. Idealismo.
2. Audio Mapa Conceptual Materialismo vs. Idealismo.
3. Mapa Conceptual Conceptos Elementais do Materialismo Histórico.
4. Audio Mapa Conceptual Conceptos Elementais do Materialismo Histórico.